



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CATORCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 14 de outubro de 2024, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Expediente2024/D006/000002. Aprobación do ditame do prezo público para a Festa das fabas 2024

A secretaria le a proposta.

“Aprobación do ditame do prezo público para a Festa das fabas 2024

A secretaria le a proposta:

“Proposta da Alcaldía

“Visto que é necesario establecer o prezo público para a “Festa das Fabas 2024” debido a que este evento considérase de interese sociocultural, tradicional e totalmente arraigado no noso Concello que se leva facendo trinta e un anos, pero que nos dous últimos anos foi de balde e dado que reúne a persoas de tódalas idades e procedentes de distintos lugares. Ademais de que este evento contempla unha gran implicación popular e tecido colaborador e participativo o cal repercute notoriamente no desenvolvemento turístico. “

Vistos o informe do estudo económico da Feira das Fabas asinado pola técnica de Cultura o 14/08/2024 e o posterior informe de inicio de fiscalización favorable emitido pola interventora en



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

acumulación o 01/10/2024.

Tendo en conta o RDL 2/2004 polo que se aproba o TRLRFL, así como o artigo 22 da Lei 7/84 do 2 de abril reguladora de bases de réxime local, que atribúe a competencia para a aprobación do prezo público ao Pleno, e que conforme ao art. 5 da Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos no Concello de Ponteceso a competencia está delegada na XGL, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, previo ditame da Comisión Especial de contas:

PRIMEIRO.- Acordar un prezo público de 5,00 € por persoa para o evento gastronómica da Feira das Fabas 2024 baseándonos nas razóns sociais, culturais, turísticas e de interese público deste evento.

SEGUNDO.- Publicar no BOP e na sede electrónica do Concello.”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes acordan aprobar a proposta por unanimidade de votos a favor.

2 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións

Non hai asuntos.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:27 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.